

## **DO MAR Á TERRA**

Reportaxe fotográfico: Laura Dominguez Couselo

Esta exposición, é sobre unha reportaxe que realicei no ano 2008 sobre o traballo no mar, mais concretamente, dos mariscadores e mariscadoras que tanto o pé de praia coma nas súas embarcacións, traballan o mar con respecto e de forma organizada. É unha reportaxe que mostra non só como traballan, senón tamén a organización dos traballadores así como o produto que extraen: ameixas, berberechos, etc., dende o mar á terra.

É un percorrido por un sector marítimo que está presente nas vidas de todos os galegos, e ben poucos coñecen o seu funcionamento. Mostra o duro traballo e esforzo de estes/as traballadores/as do mar.

O traballo dun mariscador consiste en recoller mariscos dos areas situados nas desembocaduras dos ríos e nas rías. Os mariscos que poden ser recollidos varían segundo os lugares e as datas de recolla. Existen períodos nos que non hai recolla e os mariscadores/as traballan os areas, cultivándoos coma se fosen terras de labranza, sementando crías dos mariscos que máis tarde recollen cando teñen a talla legal recomendada.

O horario de traballo depende das mareas e non do estado do mar. Cando a marea esta chea, os mariscadores de a flote traballan nos seus botes e as mariscadoras de a pé traballan os areas eliminando as algas que asfixian os mariscos e eliminando os residuos que quedan nas praias nas que traballan. Os mariscadores a flote teñen as súas propias embarcacións e aparellos de traballo así coma as mariscadoras a pé.

Son traballadores autónomos que se rexen baixo o mando dunha cofradía segundo o lugar de traballo. Esta institución está rexida por un patrón maior que é elixido de forma democrática a través dunhas eleccións. Para ser patrón maior hai que pertencer a cofradía ou ser traballador do mar. Pódense presentar tanto homes coma mulleres que traballen no mar e na zona de existencia da mesma. Segundo as actividades, tamén existen patróns das mariscadoras ou mariscadores segundo as zonas (Raxó, Combarro...). Os patróns son os voceiros destes últimos en cuestións de prezos de mariscos, horarios, etc.

Neste traballo tiven a total colaboración dos mariscadores/as da Cofradía de Pescadores de San Telmo (Pontevedra) así coma da mesma cofradía, na figura do seu presidente.